



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
27.12.2017

LUGAR: Sala de conferencias da Casa das Campás – Pontevedra

DATA: 27.12.2017

HORA DE COMEZO: 12:05

HORA DE REMATE: 14:20

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D^a. Gloria M^a Pena Uris
D. Manuel Fernández Jauregui
D. José Manuel García Vázquez
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Ernesto Vázquez-Rey Farto
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a. María Elvira Larriba Leira
D^a. Natalia Zunzunegui Garrido
D. Daniel Barata Quintas
D. Cesar Blanco Gómez
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a. María Elena Añel Cabanelas
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Jorge Cebreiros Arce
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a. M^a do Carmen Fouces Díaz
D^a. Yolanda López Fernández
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a. Mercedes Castro Mouzo
D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Pérez Canal
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D. José María Franco García

NON ASISTEN

D. Francisco Javier Casares Mouriño

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores, 27 de decembro de 2017, ás 12:05 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28.11.2017).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do Reitor.

Propostas, acordos e informes da Comisión Económica (reunión do 20.12.2017)

- 4.** Informe sobre o teito máximo de gasto anual da Universidade de Vigo para o exercicio 2018, consonte o disposto no Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril.
- 5.** Proposta de aprobación, se procede, do orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2018. (Consello de goberno 19.12.2017).
- 6.** Informe sobre a previsión de cumprimento pola Universidade de Vigo da elaboración da liquidación do orzamento antes do 1 de marzo de 2018, consonte Real decreto Lei 40/2012.
- 7.** Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de outubro e novembro.
- 8.** Aprobación, se procede, de taxas de cursos propios e informe sobre memorias finais.
- 9.** Aprobación, se procede, das liñas xerais do orzamento do Consello Social para 2018.
- 10.** Aprobación, se procede, da proposta do Plan de actuación a desenvolver polo Consello Social en 2018.
- 11.** Rogos e preguntas.

Os asistentes reciben impresa a Memoria de actividades do Consello Social correspondente a 2016, e unha axenda operativa para 2018. O presidente agradece a presenza dos membros.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28.11.2017).

- **Apróbase por asentimento.**

PUNTO 2

Informe do presidente.

Principia don Ernesto Pedrosa a súa exposición apreciando o acerto da xestión nos últimos anos, co aumento da captación de recursos propios e a redución do gasto, que lle permitiu á UVigo, en tempos crise económica e caídas de ingresos públicos, conxelacións salariais ou limitacións para contratar, acadar fitos destacados nos últimos anos, como non ter débeda bancaria nin déficit dende 2012, reducir a dependencia da financiación da Xunta, reducir de xeito notable o pago a provedores ou converterse na universidade galega na que máis medrou o gasto en persoal durante os catro últimos anos. Saneada dende calquera punto de vista.

Afirma que "co Orzamento que hoxe presenta, -o último que presenta o actual equipo de goberno- a Universidade nos amosa que traballa con senso colectivo, conectada ca sociedade e os seus afáns, interesada no entorno empresarial, e atenta aos alumnos, á formación e á empregabilidade". Sinala como liñas mestras do documento "estabilidade, criterio, convicción e perspectiva". Fai mención a que o esforzo investigador permite que sexa o Orzamento máis alto dende 2011.



De seguido presenta o orzamento do Consello Social –“con cambios pouco significativos”- e o Plan de actuacións que pon a disposición dos membros para que fagan as aportacións ou suxestións que estimen oportunas. Respecto a este documento, enumera as accións e actuacións que “acometemos en áreas nas que vemos dificultades ou entendemos que prestamos un servizo útil”, ou canalizando preocupacións ou oportunidades “que a universidade non ten na súa axenda pero acaba facendo súas”.

Reflexiona sobre os crecentes pronunciamentos públicos que se están producindo -tamén dende os Consellos Sociais- a favor dun cambio radical do modelo de goberno das universidades; e, se ben admite que as universidades deben buscar un sistema asumible e facerse responsables “porque o modelo de que os gobernos controlen e aseguren que todo vai ben, toca ao seu fin”, advirte que os procesos de reforma profunda precisan ao redor de dúas décadas para resolverse. Remata asumindo que para os Consellos Sociais son tempos de crear escenarios propicios para que as decisións de fondo atopen escenarios favorables cando cheguen, pero sen pararse a agardar esa chegada: “debemos seguir facendo co que somos e co que temos”. Neste contexto reitera a chamada aos membros do Consello “para que proclamen en todo momento e en todo lugar a súa confianza na universidade”.

PUNTO 3

Informe do Reitor.

Don Salustiano Mato fai unha reflexión retrospectiva respecto ao “último orzamento do goberno que presido”, para lembrar os anos “tan difíciles nos que empezamos”, o primeiro deles (2010) marcou o inicio dos recortes, “xusto cando este Reitor tomou posesión”, e as aportacións públicas xa non deixaron de baixar nos anos seguintes, despois dunha década na que as achegas ás universidades foran medrando ano tras ano. “Pero fomos capaces de pechar con superávit dende 2012 porque hai un modelo detrás”.

Desagrega o modelo para a captación de recursos económicos aplicado pola UVigo; a, financiación por actividades e servizos universitarios (por actividades académicas, por concorrència competitiva, por servizos con empresas e por actividades de obra social e mecenado), e profunda na actividade desenvolvida e nas posibilidades creadas dentro da universidade para xerar riqueza e trasladar coñecemento ao territorio e ao tecido produtivo, apuntando, entre outros datos, que a facturación de servizos con empresas no período 2010-2016 superou os 44 millóns de euros, a agregación da cifra de negocios de universidade, spin offs e centros tecnolóxicos pasou os 71 millóns no mesmo período, e a contribución da UVigo ao gasto en I+D xerado en Galicia representou en 2016-2017 o 6%.

Durante a súa intervención, e entre outras afirmacións, sinala que a financiación pública é insuficiente respecto aos estándares europeos, e apela á obriga que teñen os reitores para xestionar con responsabilidade “sen que os recursos públicos teñan que acudir como salvadores”. Así mesmo chama ao Consello Social a non apartarse deste modelo e a que se teña coidado cos discursos ligados a que non é preciso esforzarse porque a Xunta acudirá en axuda.

O Reitor avoga por unha universidade con xenerosidade institucional, que pense na transferencia de coñecemento a medio e longo prazo, que dende o punto de vista académico prestixie a transferencia ao entorno. Da conta de exemplos de internacionalización nos que se está a traballar dende o ámbito do SUG, e de alianzas externas que se están a desenvolver con carácter macro rexional.

Finalmente amosa a preocupación pola proposición de Lei presentada por Unidos Podemos no Congreso, para blindar os dereitos laborais dos bolseiros que fan prácticas en empresas durante a estadía universitaria. Considera que se trata de atallar malas praxes de alumnos especialmente en FP, pero que a iniciativa pode por en risco e prexudique á dinámica de prácticas en empresas e á empregabilidade. “Os reitores estamos a favor do control –remata- pero tendo claro que os alumnos necesitan baños de realidade mentres se forman”.



Don Ernesto Pedrosa da a palabra a don Daniel Barata para que introduza os asuntos da Comisión Económica que preside. Comeza afirmando que "esta universidade non se parece en nada ás que eu vía no Consello de Contas, e que tanto nos preocupaban pola débeda". Declara que, economicamente, a UVigo "é unha universidade modelo". Reflexiona sobre as dificultades de consenso sobre a educación en España, e defende a necesidade de recursos, e o mérito de "cando non hai", poñer a funcionar a xestión e a imaxinación para acadalos, "como fai esta universidade". Da entrada aos puntos económicos recollidos na Orde do día e asocia as competencias do Consello Social ao respecto.

PUNTO 4

Informe sobre o teito máximo de gasto anual da Universidade de Vigo para o exercicio 2018, consonte o disposto no Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación para explicar que o R.D. Lei 14/2012, de 20 de abril, "de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo" non ofrece á normativa ningunha fórmula nin método de cálculo para fixar ese teito. Resume que "optamos por un cálculo razoable" en función do orzamento que se somete a aprobación, que "daría respaldo a un incremento de gastos imprevisto", quedando fixado en 189.282.088 €.

- **O Pleno da a súa conformidade**

PUNTO 5

Proposta de aprobación, se procede, do orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2018. (Consello de goberno 19.12.2017).

O vicerreitor de Economía e Planificación –que comeza agradecendo as palabras do presidente e do vicepresidente do Consello Social, "se ben só tratamos de facer o traballo que nos toca neste posto no que estamos voluntariamente"- traslada ao Pleno a valoración xa feita na Comisión Económica sobre as grandes cifras do orzamento que se presenta.

Explica a evolución comparativa de funcionamento universitario en Galicia no período 2005-2018, na que destaca o acusado descenso das achegas da Xunta que se rexistra dende 2009; e explica o comportamento económico da universidade ao longo do período. Cualifica de "sólida e solvente" a situación económica "sen ter que recorrer á débeda bancaria e tratando de ser eficientes no gasto", sendo a universidade galega que antes paga a provedores e cun prazo de pago dos máis baixos no contexto das administracións públicas. Adianta que 2017 pecharase igualmente en equilibrio ou con lixeiro superávit. Analiza o actual Plan de financiamento universitario de Galicia 2016-2020, e no que don José Manuel García advirte que as achegas anuais a esta universidade están en niveis case planos e con moi poucas posibilidades de medrar e co risco de que descendan. Lembra neste senso que "sempre fomos críticos co PFSUG e tampouco estamos de acordo cos criterios que se aplican".

No caso concreto da UVigo, o vicerreitor sinala como foi quen de manter o nivel de achegas durante os anos máis duros da crise e os recortes, e como os resultados económicos se mantiveron en superávit ou en equilibrio dende 2011, "que era o primeiro obxectivo que nos marcamos cando chegamos o actual equipo de goberno".

Esbozado o contexto, o vicerreitor desagrega o proxecto que se propón e as variacións máis significativas do orzamento de ingresos, que ascende a un total de 172.552.088 €, un 4,37 % superior ao exercicio anterior -suba debida ao aumento das axudas finalistas e ao aumento de proxectos de cooperación educativa-, e explica as referidas ao incremento das transferencias de capital e ao incremento dos activos financeiros. Amosa a distribución por capítulos de ingreso e o reparto porcentual que representan verbo do total do orzamento.

Respecto ao orzamento de gastos centra a exposición no capítulo I que representa un 59,48 % do total e crece un 5,28 % respecto a 2017 (e un 15,5 % se se compara con 2012), sendo a de Vigo a universidade galega na que máis ten medrado o gasto no capítulo I nos catro últimos exercicios, o que –manifesta don José Manuel García- reflicte "o noso compromiso cos traballadores e co emprego público". Asemade menciona as causas da rebaixa nas transferencias correntes e o incremento no capítulo VI de investimentos reais. Fai, por último, unha chamada sobre os gastos de persoal para



advertir que están en 102.641.859 € e non se deben pasar "sen asumir riscos de déficit", porque a estimación de ingresos no novo PFSUG para a UVigo está entre os 109 e 110 millóns de euros para cada unha das tres próximas anualidades. "O obxectivo –remata o vicerreitor- sería pechar en 2018 o ciclo con resultados razoables "que non poñan en risco o futuro da universidade".

Á pregunta de don Manuel González interesándose polas cousas que fai a universidade e non son recoñecidas, o vicerreitor apunta as achegas a entidades como os centros tecnolóxicos, que se alimentan da investigación básica que fai a universidades en que esta teña o retorno dos produtos que se poñen no mercado, xustificando esa acción en que a universidade ten que ser axente de desenvolvemento local e de país e debe traballar para iso porque o resultado social "acabarase vendo". No mesmo senso se pronuncia o Reitor, quen menciona accións ligadas ao emprego ou ao emprendemento, con recursos propios, que non están nin en indicadores de variables por resultados da Xunta, para proclamar finalmente que o talento da universidade debe estar a dispor da sociedade, "para ser mellores como país e resolver os problemas que nos rodean, e porque iso interésanos máis que estar nos rankings". Pecha as intervencións don Javier Garrido para agradecer "a eficacia e a transparencia" do equipo de goberno e felicitar ao vicerreitor e ao xerente pola Xestión.

- **O Pleno aproba o orzamento.**

PUNTO 6

Informe sobre a previsión de cumprimento pola Universidade de Vigo da elaboración da liquidación do orzamento antes do 1 de marzo de 2018, consonte Real decreto Lei 40/2012.

Ao abeiro tamén do Real Decreto-Lei 14/2012, e a disposición que obriga as universidades a confeccionar a liquidación do orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte, así como a que outorga ao Consello Social a capacidade de intervir no caso de que a liquidación do orzamento da Universidade presente remanente de tesoureira negativo, o vicerreitor informa que a liquidación farase en prazo e se cumprirá co disposto.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 7

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de outubro e novembro.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 8

Aprobación, se procede, de taxas de cursos propios e informe sobre memorias finais.

O presidente aclara que se trata dun punto habitual da Comisión Executiva, que por operatividade se incorpora ao Pleno de xeito excepcional para axilizar ao máximo a súa tramitación no Consello Social. Feitas as referencias precisas e aportadas as explicacións oportunas, revísase a documentación entregada.

- **O Pleno da a súa aprobación**

PUNTO 9

Aprobación, se procede, das liñas xerais do orzamento do Consello Social para 2018.

Mediante a documentación que se achega, os membros toman coñecemento de distintas referencias e indicadores que sitúan o orzamento entre os dez primeiros de España. Don Ernesto Pedrosa agradece á universidade a súa achega xunto coa da Xunta e a aportación da CCSS, e informa dos datos máis significativos, axuste de partidas en positivo ou en negativo e niveis de execución do orzamento nos últimos anos.

- **O Pleno da a súa aprobación**



PUNTO 10

Aprobación, se procede, da proposta do Plan de actuación a desenvolver polo Consello Social en 2018.

Resume don Ernesto Pedrosa o Plan que se presenta, co alumnado, a acción social e o mecenado como eixos para 2018. Anuncia que se trata dunha proposta aberta á que se poden incorporar as suxestión, propostas ou iniciativas que se estimen pertinentes. Mención especial reciben as accións destacadas previstas, temática e calendario, así como outras ideas a desenvolver en algún momento.

• O Pleno da a súa aprobación

PUNTO 11

Rogos e preguntas.

Ao fío da intervención do Reitor, don Xosé Manuel Atanes considera acertada a iniciativa sobre as prácticas, presentada no Congreso dos deputados, e subliña que á hora de legislar o bo funcionamento da fase de prácticas do alumnado nas empresas débese contemplar tamén a Formación Dual, tanto na FP como na universidade, por terse detectado casos de empresas que non cumpren correctamente co seu cometido. Don Salustiano Mato da conta dos pasos dados na CRUE ao respecto da formación dual, pero pide que o control das boas prácticas "non impida as prácticas".

Don Ernesto Rey pide a palabra para solicitar a colaboración dos presentes, e en especial dos designados pola Xunta de Galicia e polo Parlamento, para iniciar o camiño de adscrición á UVigo da Escola superior de conservación e restauración da bens culturais, a través da Facultade de Belas Artes. Así mesmo comunica que, como membro do Pleno do Consello Social e como investigador predoutoral na área de Dereito administrativo da Universidade da Coruña, foille solicitado un informe sobre a representación estudantil nos órganos autonómicos de coordinación en materia de ordenación universitaria en España, para ser tratado na Comisión permanente do CEUNE (Consello de estudantes universitario do Estado), e do que remitirá copia á Secretaría do Consello Social.

Don Xulio Calviño valora o traballo que se está a facer dende o Reitorado ante as administracións en relación as pretensións da Escola de estudos de Restauración e a Escola superior de Arte dramático, para avanzar nun proxecto-piloto, e alerta ante os rumores de crear dende instancias privadas unha universidade das artes. Lembra o Reitor que se está a desenvolver o acordo de adscricións ás universidades –porque a integración é moi difícil- , "e tería todo o sentido que se adscribiran en Pontevedra". Resalta que o problema con estas escolas artísticas dáse só no sur da comunidade, xa que ás do norte non queren esta fórmula. De todos os xeitos entende que a Consellería deberá crear unha oportunidade política e académica, testar unha proba piloto coas dúas escolas porque agora se cumpren os requisitos mínimos dende o punto de vista académico para a adscrición, e laboral e administrativamente dependerían da Consellería de Educación.

Pecha a sesión o presidente comunicando que –"para non incumprir as nosas obrigas"- adoptaranse medidas cos membros que non asistiron a ningún pleno do Consello Social en 2017, e estiveron ausentes da maioría dos celebrados en 2016, dándose a circunstancia de que ámbolos dous representan á Confederación de empresarios de Ourense.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:20 horas do 27 de decembro de 2017, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias